


saídas profesionais comarcais

2019

XUNTA DE GALICIA



saídas profesionais comerciais

2019

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria
Secretaría Xeral de Emprego
Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral



© Xunta de Galicia. “Saídas profesionais comarcais”

Edita:

Consellería de Economía, Emprego e Industria
Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral

ELABORA:

Instituto Galego das Cualificacións

URL:

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 4.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>

>> PRESENTACIÓN

O mercado de traballo é un escenario cambiante e complexo, afectado en gran medida polas diferentes redes socioeconómicas que condicionan a evolución das variables laborais locais.

A realización de estudos e informes que parten da análise dos ámbitos territoriais comarcais buscan, fundamentalmente, obter unha análise máis focalizada, o que nos permite reflectir unha información máis concreta e próxima á realidade local.

A adaptación do binomio emprego-formación constitúe, pois, un obxectivo fundamental de cara a proporcionarlles aos desempregados cursos en especialidades que lles ofrezan unhas maiores probabilidades de acadaren a súa inserción e/ou reinserción laboral.

Desde a Consellería de Economía, Emprego e Industria vaise seguir traballando neste senso, co fin de fundamentar unhas políticas activas de emprego eficaces, que utilicen os recursos materiais e humanos de xeito eficiente e consigan repercutir nos galegos e galegas de xeito beneficioso.

Francisco Conde López

Conselleiro de Economía, Emprego e Industria



>> ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	7
CRITERIOS METODOLÓXICOS	
Antecedentes metodolóxicos	9
PRINCIPAIS CONCLUSIÓN	
Consideracións iniciais	13
Provincia da Coruña	14
Provincia de Lugo	16
Provincia de Ourense	18
Provincia de Pontevedra	20
Situación do mercado laboral en Galicia	23
RESULTADOS POR COMARCAS	
Provincia da Coruña	27
Provincia de Lugo	47
Provincia de Ourense	63
Provincia de Pontevedra	77
ANEXO I	
NOTA TÉCNICA: Datos sobre ocupacións	89
ANEXO II	
Situación transitoria ata o ano 2016	95



>> INTRODUCCIÓN

O Instituto Galego das Cualificacións vén desenvolvendo diversos traballos dentro da denominada área do mercado laboral. Neste ámbito, contamos con estudos que, partindo das variables representativas do mercado de traballo, realizan unha análise a distintos niveis territoriais: autonómico, provincial ou comarcal.

As continuas peticións de información actualizada xustificaron o deseño dunha aplicación web que recolle unha serie de informes de interese realizables en distintos ámbitos temporais e territoriais. Esta aplicación, de nome “Indicadores do mercado laboral”, atópase na web da Consellería de Economía, Emprego e Industria¹, e substitúe a maior parte dos estudos do mercado de traballo emprendidos nunha primeira fase no Instituto Galego das Cualificacións. A automatización deste tipo de estudos, meramente descritivos, permitiu desenvolver, en maior medida, outro tipo de traballos de corte máis analítico que serven para difundir unha información final elaborada a través de indicadores sintéticos.

Esta liña de estudos iniciouse co informe *Saídas profesionais comarcais*, traballo que se levou a cabo nos anos 2005 e 2006 e que serviu como base para a realización da aplicación web “**Datos sobre ocupacións**” (2007), aplicación que contén información estatística referida aos grupos ocupacionais máis contratados nos ámbitos autonómico, provincial e comarcal. Dado o interese que suscitou o seu contido, a Consellería decidiu incluíla dentro do Plan Galego de Estatística.

Por outra banda, as anteriores publicacións de *Saídas profesionais comarcais* tiveron unha moi boa acollida en xeral, motivo polo que o Instituto Galego das Cualificacións decidiu a súa reelaboración a partir do ano 2008, utilizando como traballo de base a metodoloxía e a información recollida para a mencionada aplicación. No entanto, para ampliar e complementar a información que aparece nela, decidimos reestruturar o resultado final, facendo fincapé non nas ocupacións máis contratadas nas comarcas galegas (información contida en “Datos sobre ocupacións”), senón nos grupos ocupacionais que presentan **unha maior ocupabilidade laboral**. Trátase, pois, de incidir nas ocupacións que mostran mellores resultados nos indicadores manexados, estean ou non entre as máis contratadas na comarca, co fin de centrar a información naquelas ocupacións que obtiveron mellor situación relativa no mercado territorial local.

A publicación da nova Clasificación Nacional de Ocupacións no ano 2011 (CNO-11) supuxo un corte nas estatísticas dos grupos ocupacionais, ao comezar

¹ <http://emplego.xunta.es/cualificaciones/>

a agruparse dun xeito distinto desde esa data. Isto constituíu un impedimento técnico para seguir adiante coa metodoloxía. Dadas as circunstancias e o interese neste tipo de traballos, nos anos 2012 e 2013 presentouse un texto alternativo, cunha metodoloxía adaptada ás circunstancias técnicas que acompañaron estes anos.



Última publicación CNO antiga (2011)



Metodoloxía transitoria 2012/2013

Houbo que agardar tres anos (2011-2013) desde o inicio da nova CNO para dispor dunha primeira serie de datos que permita retomar a antiga metodoloxía cun mínimo de rigor estatístico. No informe de 2014 traballamos coa serie 2011-2013, en 2015 a serie ampliouse a catro anos (2011-2014), a partir de 2016 vólvese traballar cunha serie quinquenal segundo a nova CNO-11, regulándose neste momento a metodoloxía inicial².

Finalmente, cómpre sinalar que, coa publicación destes traballos, o Instituto Galego das Cualificacións persegue acadar un dos seus obxectivos prioritarios: **coñecer a situación e a evolución do mercado de traballo galego nos distintos ámbitos territoriais co fin de comprobar cales son as ocupacións máis representativas e proporcionarlles esa información aos profesionais do emprego, da formación e da orientación laboral.**

² No anexo II aparece explicado con detalle como se foi axustando a incorporación de anos á serie temporal.

>> CRITERIOS METODOLÓXICOS

Antecedentes metodolóxicos

A aplicación web “**Datos sobre ocupacións**”, citada na introdución, fai referencia aos grupos ocupacionais máis contratados en distintos ámbitos territoriais galegos, incluíndose unha pequena análise descritiva da súa situación no mercado laboral. Así mesmo, presenta unha serie de indicadores elaborados no Instituto Galego das Cualificacións que serven non só para describir, senón tamén para estudar a tendencia, o grao de ocupabilidade e estabilidade laboral que presentan esas ocupacións.

Para a realización de *Saídas profesionais comarcais 2019*, imos partir do ámbito territorial da comarca e da última serie temporal dispoñible: 2014-2018. O informe analizará os resultados de **todos os grupos ocupacionais con representación contractual significativa na comarca**, seleccionando os 20 que presenten mellores resultados. Como xa se fixera en anteriores publicacións, seguimos a utilizar de xeito exclusivo o **indicador de ocupabilidade**, xa que a utilización doutros indicadores manexados dende o Instituto Galego das Cualificacións (ver anexo I) resultaría demasiado restritivo e suporía deixar sen contido algunhas comarcas.

A aplicación referencia deste traballo, “Datos sobre ocupacións”, inclúe unha *nota técnica*³ que explica polo miúdo tanto as variables como os indicadores calculados. Ademais, a súa inclusión dentro do Plan Galego de Estatística motivou a elaboración dun exhaustivo proxecto técnico que o avala e explica en detalle distintos aspectos, como a información de base ou o procedemento de cálculo.

a. INDICADORES DE ANÁLISE

Neste punto imos definir os indicadores que sustentan a análise comarcal realizada nesta publicación:

• INDICADOR DE TENDENCIA

Describe a evolución contractual que unha ocupación segue ao longo dun período temporal, referenciando a súa situación actual coa evolución media do período inmediatamente anterior.

³ Véxase o anexo I desta publicación, onde aparece transcrita a mencionada nota metodolóxica para facilitar o seu estudo.

Este indicador, unha vez calculado, clasifica os grupos ocupacionais atendendo á seguinte gradación:

INDICADOR DE TENDENCIA	
Crecedemento sostido	CRECEMENTO
Crecedemento relevante	
Crecedemento irregular	
Estabilidade positiva	ESTABILIDADE
Estabilidade irregular	
Estabilidade	
Decrecedemento sostido	DECRECEMENTO
Decrecedemento relevante	
Decrecedemento irregular	

• INDICADOR DE OCUPABILIDADE

Este indicador intenta medir as posibilidades que un demandante de emprego ten de atopar traballo nunha ocupación, atendendo exclusivamente ás características que presenta un mercado de traballo territorial concreto.

Para calcular este indicador, necesitamos dúas variables:

- O anterior indicador de tendencia e tipo de crecedemento/estabilidade/decrecedemento.
- O saldo neto calculado do seguinte xeito e para cada grupo ocupacional: contratados no grupo menos demandas solicitadas no primeiro lugar e recollidas no ámbito territorial correspondente. Ao tratarse de períodos de cinco anos, faremos o cálculo sumando contratados e demandas⁴ en todo o período temporal referenciado. Podemos falar dun saldo neto resumo do acontecido no ámbito territorial nos anos que comprende a serie, o que elimina posibles resultados conxunturais en anos puntuais que poderían nesgar o resultado e distorsionar as conclusións ao respecto. Por outra banda, ao comparalo cun indicador de tendencia, resulta máis coherente que o saldo neto implique un resultado global dese período e non o resultado nun ano.

⁴ As demandas de cada ano calcularanse como media mensual para evitar posibles estacionalidades.

A aplicación deste indicador queda reflectida no seguinte cadro de cruzamento de ambas as dúas variables:

TIPO DE CRECEMENTO	SALDO NETO	
	Positivo	Negativo ou igual a cero
Creceemento sostido	MOI ALTA	ALTA
Creceemento relevante		
Creceemento irregular	ALTA	MEDIA
Estabilidade positiva		
Estabilidade/Estabilidade irregular	MEDIA	BAIXA
Decreceemento irregular		
Decreceemento relevante	BAIXA	MOI BAIXA
Decreceemento sostido		

Refírese a unha ocupabilidade que vén dada estritamente polas condicións do mercado de traballo (contratos e demandas de emprego), sen valorar as circunstancias persoais (experiencia previa, formación...) que determinarían o grao de empregabilidade de cada demandante.

Neste caso, os resultados do indicador poden ser os que seguen:

Ocupabilidade moi alta	OCUPABILIDADE DE INTERESE
Ocupabilidade alta	
Ocupabilidade media	
Ocupabilidade baixa	OCUPABILIDADE DE BAIXO INTERESE
Ocupabilidade moi baixa	

b. ELABORACIÓN DAS LISTAXES POR COMARCAS

Seleccionáronse todos os grupos ocupacionais que presentan unha ocupabilidade de interese para a análise, clasificándoos en tres bloques segundo o resultado: ocupabilidade moi alta, ocupabilidade alta e ocupabilidade media. De todos eles, facemos constar os que presentan un maior volume contractual, ordenándose de máis a menos contratados dentro de cada bloque.

Hai comarcas que contan con grupos ocupacionais destacados segundo esta metodoloxía, pero que presentan un volume contractual que resulta pouco significativo. **Metodoloxicamente imos considerar pouco relevante un valor inferior a 10 contratados anuais.**

Para relativizar o resultado destes grupos ocupacionais, decidimos engadir un novo apartado onde facemos referencia ás ocupacións en crecemento pero cuxa presenza contractual resulta pouco significativa. Haberá que agardar aos próximos anos para ver se o crecemento alcanza niveis de interese ou ben tan só son pequenos repuntes conxunturais.

En definitiva, para cada comarca encaixáronse os 20 grupos ocupacionais con maior número de contratados que, ademais, cumpren co requisito mínimo de ocupabilidade, obtendo uns cadros que nos permiten detectar as ocupacións que presentan mellores perspectivas nos mercados laborais territoriais. Algunhas das ocupacións relacionadas coinciden, en maior ou menor medida, coas que aparecen recollidas dentro das 20 con máis contratados na comarca, mentres que outras resultan máis innovadoras. Esta non coincidencia serve para detectar outras ocupacións que, malia non representaren un volume contractual tan significativo, cumpren coas condicións precisas para seren consideradas ocupacións relevantes nos últimos cinco anos.

Esta análise non resulta concluínte, como toda análise meramente cuantitativa, aínda que si pode ser útil ao dar unha visión máis sintética do mercado de traballo, podendo servir como base para emprender outros estudos máis cualitativos que determinen o grao de significación real destas nas distintas comarcas galegas.

c. OUTRAS CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS

- Os grupos de ocupacións con compoñente artística (valla como exemplo o recorrente grupo de compositores, músicos e cantantes) non son considerados neste traballo, xa que a súa propia connotación específica non os converte en saídas profesionais tradicionais. O resto dos grupos, sen excepción, entran na consideración analítica, aínda que algúns referidos a sectores como educación fagan referencia expresa ao emprego público e non tanto á creación de emprego local.
- O mapa que acompaña cada comarca serve non só para coñecer visualmente os concellos que integran cada comarca, senón tamén para *resaltar o peso que cada concello ten con respecto á contratación comarcal*.
- A partir do 1 de xaneiro do 2017 considérase efectiva a fusión de Cerdedo-Cotobade e, para os efectos estatísticos, pasa a integrarse na comarca de Pontevedra. A imposibilidade técnica que implica facer unha serie quinquenal de datos tendo en conta esta circunstancia (a primeira serie será a de 2017-2021) fai que se siga a considerar o concello de Cerdedo como parte da comarca de Tabeirós-Terra de Montes. En calquera caso, o volume de contratos asociados a este concello non implica unha diferenza substancial nos resultados do estudo.

>> PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS

Consideracións iniciais

Os mercados de traballo local mostran unha gran diversidade de resultados, determinados en gran medida polas características socioeconómicas e demográficas de cada área territorial, e condicionados tamén pola influencia das súas comarcas limítrofes.

Presentamos a continuación unha análise para cada provincia galega tratando de definir as súas características diferenciadoras do resto. Para isto, imos desagregar a información por comarcas, prestando especial atención aos grupos ocupacionais que ocupan os primeiros postos dentro dos grupos de ocupabilidade moi alta e alta. Deste xeito, centrariámonos nas ocupacións con mellores perspectivas desde o punto de vista metodolóxico pero que, ademais, concentrarían o maior volume de contratación. Ademais, dentro de cada provincia faremos especial fincapé na influencia que supoñen as áreas metropolitanas, analizando as súas particularidades dentro da súa provincia.

A realización do traballo, utilizando de xeito exclusivo o indicador de ocupabilidade, fai que as ocupacións salientadas o sexan dende unha perspectiva de emprego baseada na evolución positiva do número de persoas contratadas no ámbito comarcal, sen que se teña en conta a estabilidade laboral que ofrecen os distintos grupos ocupacionais destacados. Debemos ter en conta que algúns traballos, especialmente no sector servizos, caracterízanse por unha gran rotación de persoal, polo que, nalgúns casos, estamos a falar de traballos de tempada cun forte compoñente estacional. Por este motivo, e como novidade neste ano, os grupos ocupacionais destacados en cada comarca aparecen ordenados de máis a menos estabilidade laboral dentro de cada un dos bloques de ocupabilidade.

Por outra banda, a selección das ocupacións máis contratadas supón que as oportunidades de emprego en postos de alta cualificación non aparezan como relevantes na análise realizada neste estudo. A situación é a seguinte: algunhas ocupacións de alta cualificación amosan moi boas perspectivas de emprego e niveis relevantes de contratacións, pero non acadan o número de contratos que se poden rexistrar en áreas como a hostalaría, a loxística ou as vendas, normalmente asociadas a traballos de menor cualificación. Por este motivo, imos incorporar unha pequena nota onde se sinalan os postos cualificados con boas perspectivas de emprego en cada unha das catro provincias galegas. Atopamos que esta información resulta interesante e completa a información desagregada por comarcas.

Con toda esta análise territorial, imos tratar de perfilar a situación do mercado laboral galego no ano 2018, extraendo unhas conclusións xerais, e rematando coa listaxe das ocupacións con maiores perspectivas de emprego relacionadas directamente coa **INDUSTRIA 4.0**.

Provincia da Coruña

A provincia da Coruña conta con **18 comarcas**, sendo tres delas áreas metropolitanas: A Coruña, Ferrol e Santiago.

Deixando de lado, polo de agora, as tres áreas metropolitanas, as actividades económicas que aparecen destacadas nesta provincia son as seguintes:

- **SERVIZOS:** O emprego **na hostalaría** conta con boas perspectivas laborais no conxunto da provincia, repetíndose idéntica situación que nos anos anteriores.

As actividades de **loxística** intensifican a súa presenza nesta provincia, especialmente no que respecta aos traballos de transportista. Esta ocupación aparece salientada nas comarcas da contorna de Santiago de Compostela e da Coruña: Arzúa, Betanzos, A Barcala, O Sar, Ordes, Terra de Melide e Xallas; tamén en comarcas da Costa da Morte, como Terra de Soneira e Bergantiños. Por outra banda, os peóns do transporte e descargadores afianzan a súa presenza na Barbanza, Ordes, Ortegal e O Sar.

Outras ocupacións salientables son os vendedores en tendas e almacéns, destacadas especialmente nas seguintes comarcas: Arzúa, Bergantiños, Fisterra, Noia, Terra de Melide e Xallas; os monitores de actividades recreativas e de entretemento tamén aparecen destacados en varias comarcas, como Betanzos, Noia, O Sar, Terra de Melide e A Barcala. O persoal de limpeza conta con bos resultados nas comarcas de Fisterra e Terra de Melide. Por último, cómpre destacar os resultados obtidos polos coidadores a domicilio na comarca do Eume.

- **INDUSTRIA:** Un ano máis a **industria conserveira** acada moi bos resultados na Barbanza e, en menor medida, en Bergantiños. A fabricación mecánica sobresa na comarca do Eume. Tamén no Eume atopamos bos resultados nas ocupacións relacionadas cos traballos en procesos de impresión, mentres que na industria da madeira (carpinteiros) aparecen destacadas Ordes e Terra de Soneira. Por segundo ano consecutivo, a industria téxtil aparece salientada na comarca de Bergantiños.

Por último, debemos destacar o bo resultado obtido nas ocupacións de peonaxe industrial, xa que se atopan contratacións relevantes

especialmente nas seguintes comarcas: O Sar, A Barbanza, Betanzos, Muros e Ordes.

- **PRIMARIO:** A provincia coruñesa presenta bos resultados nas **actividades pesqueiras** de varias comarcas: Fisterra, Muros, Noia, Terra de Soneira, Ortegal e A Barbanza. As actividades acuícolas aparecen representadas tamén en Muros.

O resto do sector primario non conta cunha gran relevancia nesta provincia, agás os peóns agrícolas en Ortegal.

- **CONSTRUCCIÓN:** Observamos certa presenza da albanelaría en Arzúa. Cómpre salientar tamén a importante presenza dos operadores de máquinas de movementos de terras en Xallas.

As tres **áreas metropolitanas** coinciden co conxunto da provincia no que respecta a ocupacións propias da hostalaría, comercio, actividades recreativas, loxística e peonaxe industrial, por citar as máis relevantes. Así mesmo, todas elas atopan boas perspectivas para os empregados administrativos.

Non obstante, cada unha das áreas urbanas da provincia da Coruña presentan unha serie de peculiaridades que pasamos a expor:

- **A CORUÑA:** Esta comarca presenta unha peculiaridade: as boas perspectivas de emprego dos **operadores de máquinas para fabricar produtos téxtiles**. Igualmente, hai que resaltar as boas perspectivas de emprego dentro do ámbito dos teleoperadores.

Outras ocupacións que aparecen con boas perspectivas son os azafatos de terra.

- **FERROL:** A fabricación mecánica está a obter bo resultado nesta comarca, especialmente os **montadores de estruturas metálicas e os pintores nas industrias manufactureiras**. Así mesmo, cómpre destacar o resultado acadado polos traballadores de coidados persoais a domicilio, os auxiliares de enfermaría hospitalaria e os perruqueiros.

- **SANTIAGO:** A loxística presenta bos resultados, incluíndo os traballos de peóns do transporte e repoñedores.

Outras actividades destacables son os coidadores de nenos en gardarías e centros educativos.

Outras actividades destacables son os **técnicos de gravación audiovisual e os técnicos en asistencia ao usuario de tecnoloxías da información**.

Para rematar, os **postos de alta cualificación** que ofrecen mellores perspectivas de emprego no conxunto da provincia da Coruña son os seguintes:

- **Área sanitaria e científica:** farmacéuticos, fisioterapeutas, enfermeiros especializados e, en menor medida, biólogos, psicólogos e médicos especialistas.
- **Área da docencia e ensino de actividades lúdicas:** monitores de actividades recreativas e de entretemento e instrutores de actividades deportivas; profesores de ensino non regrado en idiomas, música e danza; técnicos en educación infantil e mestres en ensino primario; profesores de universidades.
- **Área de novas tecnoloxías de información e comunicación:** programadores informáticos; técnicos en operacións de sistemas informáticos; analistas, programadores e deseñadores web e multimedia; técnicos en operacións de sistemas, informática de xestión e mantemento e reparación informática; analistas de sistemas.
- **Área de traballo:** profesionais do traballo e da educación social (asistentes e traballadores sociais, axentes de igualdade de oportunidades, etc.); técnicos de prevención de riscos e saúde ambiental
- **Área industrial e de produción:** delineantes e deseñadores técnicos industriais; enxeñeiros industriais e de produción; enxeñeiros de deseño, de I+D, de seguridade e de materiais; e, en menor medida, técnicos en mecánica.
- **Área de comunicación audiovisual:** técnicos en gravación audiovisual; técnicos e profesionais de apoio de actividades culturais e artísticas (rexedores, tremoístas, técnicos en vestiarios). Ademais, relacionado coa comunicación, cómpre sinalar un lixeiro repunte dos xornalistas.
- **Área de comercio:** profesionais da publicidade e a comercialización (técnicos en publicidade, en estudos de mercado e xestores de redes sociais).
- **Área da edificación e obra civil:** supervisores da construción (encargados e xefes de equipo de obra).

Provincia de Lugo

A provincia luguesa conta con **13 comarcas**. Deixando de lado a situación na comarca metropolitana de Lugo, a análise do resto da provincia sinala como principais actividades as seguintes:

- **SERVIZOS:** As profesións relacionadas cos **servizos de restaurante e bar** aparecen como as máis destacadas en boa parte da provincia de Lugo. En segundo termo, habería que destacar os **transportes por estrada**; así, os condutores de camións atopan boas perspectivas de emprego en numerosas comarcas: A Mariña Central, A Mariña Oriental, Chantada, Quiroga, Sarria, Terra Chá e A Ulloa.

Un ano máis, seguen a ter relevancia as **actividades comerciais**, onde os vendedores en tendas e almacéns destacan, en numerosas comarcas luguesas como: A Mariña Central, A Mariña Occidental, A Fonsagrada, Meira, Chantada, Sarria e Terra de Lemos. Por outra banda, os teleoperadores volver amosar resultados relevantes en Sarria.

O persoal de limpeza aparece salientado en varias comarcas luguesas, especialmente na Mariña Oriental e Central, na Ulloa, nos Ancares e en Terra de Lemos; en menor medida, habería que destacar os coidadores de dependentes a domicilio (A Fonsagrada, Terra Chá e Terra de Lemos), os coidadores en servizos de saúde (Sarria) e os auxiliares de enfermaría (Terra de Lemos). Por último, citaremos os monitores recreativos na Mariña Oriental e os empregados administrativos en Chantada.

- **PRIMARIO:** O **subsector forestal** alcanza especial relevancia nesta provincia, concretamente nas comarcas da Mariña Oriental, Os Ancares, Meira e Quiroga.

As actividades agrarias destacan en Terra Chá, Chantada e Quiroga, mentres que a gandería aparece salientada en Meira e Chantada. Na Ulloa presentan boas perspectivas de emprego os traballos cualificados relacionados coa avicultura e a cunicultura.

Tamén a provincia luguesa presenta bos resultados nas actividades pesqueiras nas comarcas da Mariña Occidental e Central.

- **INDUSTRIA:** A zona da Ulloa volve destacar polos resultados da industria alimentaria (panadeiros e pasteiros). Quiroga reflicte un certo movemento laboral arredor da industria extractiva, mentres que a peonaxe industrial rexistra bos resultados na Mariña Occidental e na Terra Chá.
- **CONSTRUCCIÓN:** Tan só habería que salientar os traballos de albanelaría na comarca dos Ancares.

A área metropolitana de Lugo presenta como ocupacións máis relevantes as que se encadran dentro das actividades hostaleiras, as actividades de venda, persoal de limpeza, condutores de camións e a peonaxe industrial. Podemos afirmar que coincide nos resultados máis destacados da súa provincia, igual que tamén sobresaen ocupacións que

se recollían de xeito máis residual en comarcas concretas (monitores de actividades recreativas, empregados administrativos e auxiliares de enfermaría hospitalaria).

Non obstante, presenta unha serie de peculiaridades que pasamos a expor:

- **LUGO:** Nas actividades comerciais hai que resaltar o resultado positivo dos **teleoperadores e promotores de venda**, ademais dos vendedores.

A ocupación dos coidadores de nenos en gardarías e centros educativos aparece especialmente destacada nesta área metropolitana.

Para rematar, os **postos de alta cualificación** que ofrecen mellores perspectivas de emprego no conxunto da provincia de Lugo son os seguintes:

- **Área sanitaria:** enfermeiros especializados, veterinarios e fisioterapeutas.
- **Área da docencia e da práctica de actividades lúdicas:** monitores de actividades recreativas e de entretemento, e instrutores deportivos; técnicos de educación infantil; profesores de ensino non regrado de idiomas, música e danza; profesores de ensino secundario.
- **Área de traballo:** profesionais do traballo e da educación social (asistentes e traballadores sociais, axentes de igualdade de oportunidade, etc).
- **Área industrial e de produción:** técnicos en electricidade, técnicos en instalacións de produción de enerxía, técnicos en mecánica e técnicos en control de procesos de produción de metais.
- **Área de comunicación audiovisual:** técnicos e profesionais de apoio de actividades culturais e artísticas (rexedores, tremoias, técnicos en vestiarios).
- **Área de comercio:** técnicos en organización de feiras e eventos.

Provincia de Ourense

A provincia de Ourense posúe **12 comarcas**. Deixando de lado a situación na comarca urbana de Ourense, a análise do resto da provincia sinala como principais actividades as seguintes:

- **SERVIZOS:** As actividades de **restauración** contan con boas

perspectivas no conxunto das comarcas. Os **transportes** (condutores de camiós) aparecen salientados na Limia, Allariz-Maceda, O Carballiño, Valdeorras e Verín.

Outras actividades salientables son as comerciais, destacadas na Limia, Allariz-Maceda, Verín e tamén en Terra de Celanova, onde destacan os promotores de venda; os servizos de limpeza en Terra de Trives, Viana e O Ribeiro; os monitores recreativos en Allariz-Maceda e en Verín, mentres que os instrutores de actividades deportivas destacan en Terra de Trives.

Os servizos de dependencia atopan bo resultado en Terra de Celanova, tanto os coidadores a domicilio como os coidadores en servizos de saúde. Verín presenta boas perspectivas para os primeiros, mentres que na Baixa Limia destacan os segundos. Por último, en Terra de Caldelas amosan unha certa relevancia os auxiliares de enfermaría hospitalaria.

- **PRIMARIO:** O **sector forestal** reflicte bos resultados en gran parte da provincia de Ourense, concretamente nas seguintes comarcas: A Limia, A Baixa Limia, O Carballiño, O Ribeiro, Terra de Caldelas, Terra de Trives, Viana e Terra de Celanova.

O subsector agrario aparece con boas perspectivas de emprego en cinco comarcas: A Limia, Terra de Caldelas, O Ribeiro, Terra de Trives e Valdeorras.

- **INDUSTRIA:** As comarcas de Valdeorras e Viana destacan pola **actividade mineira**. No caso de Valdeorras, as ocupacións salientadas son as relacionadas coa cantaría, mentres que en Viana estarían vinculadas coas instalacións de preparación de minerais e rochas. A peonaxe industrial atopa bos resultados nas comarcas do Ribeiro e Valdeorras.
- **CONSTRUCCIÓN:** Apréciase unha certa reactivación das actividades de albanelaría na comarca de Terra de Trives. Os peóns de obras públicas amosan bo resultado en Viana e, en menor medida, en Terra de Caldelas.

A área metropolitana de Ourense presenta como ocupacións máis relevantes as que se encadran dentro das actividades hostaleiras. Coincide ademais nos resultados máis destacados na súa provincia con respecto aos servizos de limpeza, loxística de transporte e vendedores.

Non obstante, presenta unha serie de peculiaridades que pasamos a expor:

- **OURENSE:** Ademais dos empregados administrativos (ocupación salientada nas sete áreas metropolitanas) cómpre destacar o peso dos coidadores de nenos en gardarías e centros educativos (igual que sucede na comarca de Lugo). Como elemento diferenciador con outras áreas metropolitanas e co resto das comarcas ourensás, hai que sinalar as boas perspectivas de emprego dos **operadores en instalacións para a obtención e transformación de metais**.

Así mesmo, habería que expor o bo resultado dos monitores recreativos e dos traballadores dos coidados ás persoas en servizos de saúde, salientados ambos os dous nalgũa comarca da provincia de Ourense.

Para rematar, os **postos de alta cualificación** que ofrecen mellores perspectivas de emprego no conxunto da provincia de Ourense son os seguintes:

- **Área sanitaria:** enfermeiros especializados, fisioterapeutas, farmacéuticos e técnicos en hixiene bucodental.
- **Área da docencia e da práctica de actividades lúdicas:** monitores de actividades recreativas e de entretemento, instrutores de actividades deportivas, e animadores comunitarios; docentes de formación non regrada; técnicos en educación infantil e profesores de ensino primario.
- **Área de novas tecnoloxías de información e comunicación:** programadores informáticos e técnicos en operacións de sistemas informáticos.
- **Área de comunicación audiovisual:** técnicos e profesionais de apoio de actividades culturais e artísticas (rexedores, tremoias, técnicos en vestiarios).
- **Área de traballo:** profesionais do traballo e da educación social (asistentes e traballadores sociais, axentes de igualdade de oportunidade, etc.); especialistas en políticas e servizos de persoal e afíns (técnicos en relacións laborais, orientadores laborais, técnicos en recursos humanos, etc).
- **Área industrial e de produción:** técnicos en electricidade.

Provincia de Pontevedra

A provincia de Pontevedra conta con **10 comarcas**, sendo dúas delas áreas

metropolitanas: Pontevedra e Vigo.

Deixando de lado, nun primeiro momento, as dúas áreas metropolitanas, as actividades económicas que aparecen destacadas nesta provincia son as seguintes:

- **SERVIZOS:** As actividades de **restauración** contan con boas perspectivas no conxunto da provincia e as **actividades comerciais** aparecen salientadas en varias comarcas como: Caldas, O Baixo Miño, O Condado, O Salnés, Tabeirós-Terra de Montes e Deza.

Os **transportes** (condutores de camións) amosan resultados salientables no Condado, Deza, Caldas e A Paradanta, aínda que os peóns de transporte e descargadores presentan moi boas perspectivas de emprego na zona do Morrazo. O persoal de limpeza aparece destacado especialmente no Salnés, Tabeirós-Terra de Montes e Caldas. Ademais, outras ocupacións destacables nalgúñas comarcas son os coidadores de dependentes a domicilio (O Condado e Deza), os coidadores en servizos de saúde (A Paradanta) e os empregados administrativos (O Condado e A Paradanta).

- **PRIMARIO:** As **actividades agrícolas** aparecen especialmente destacadas na comarca da Paradanta e do Baixo Miño (mostrando unha clara vinculación coas actividades vinícolas). Por outra banda, a pesca atopa boas perspectivas no Morrazo.
- **INDUSTRIA:** As conservas do mar destacan no Salnés e no Morrazo, aínda que o Morrazo aparece salientado tamén na fabricación mecánica. A industria madeireira obtén bos resultados en Tabeirós-Terra de Montes.

Varias comarcas presentan bos resultados nas ocupacións industriais de baixa cualificación: Caldas, O Salnés, Deza, Tabeirós-Terra de Montes e O Baixo Miño.

- **CONSTRUCCIÓN:** Atopamos unha reactivación das tarefas de encofrado no Deza.

As dúas **áreas metropolitanas** coinciden co conxunto da provincia no que respecta a ocupacións propias da hostalaría, os vendedores en tendas, a loxística e a peonaxe industrial. Así mesmo, ambas as dúas contan con boas perspectivas nos empregos administrativos con atención ao público; no entanto, presentan unha serie de peculiaridades que pasamos a expor:

- **PONTEVEDRA:** As **actividades da industria alimentaria** presentan boas

perspectivas, destacando as ocupacións de matochíns e traballadores das industrias cárnicas, así como as de traballadores das industrias do peixe (destacados tamén nas comarcas do Salnés o do Morrazo).

Tamén reflicten unha ocupación moi alta o grupo de traballadores de coidados persoais a domicilio e os coidadores de nenos en gardarías e centros educativos. Por último, igual que sucede na área de Vigo, tamén aparecen con boas perspectivas de emprego os profesores de formación non regrada.

- **VIGO:** A comarca de Vigo obtén ocupabilidade relevante en ocupacións de **fabricación mecánica**, como chapistas, caldeireiros, soldadores, operadores en instalacións para a obtención e transformación de metais. Así mesmo, a ocupabilidade é alta para os **ensambladores e montadores en liñas de ensamblaxe**.

Fóra da industria, destacarían os auxiliares de enfermaría hospitalaria e os profesores de formación non regrada.

Para rematar, os **postos de alta cualificación** que ofrecen mellores perspectivas de emprego no conxunto da provincia de Pontevedra son os seguintes:

- **Área sanitaria:** fisioterapeutas, farmacéuticos, médicos especialistas e enfermeiros especializados.
- **Área da docencia e da práctica de actividades lúdicas:** monitores de actividades recreativas e de entretemento, animadores comunitarios e instrutores de actividades deportivas; formadores de formación non regrada; profesores de ensino non regrado en idiomas, en música e en danza; profesores de ensino primario e técnicos en educación infantil.
- **Área de traballo:** profesionais do traballo e da educación social (asistentes e traballadores sociais, axentes de igualdade de oportunidades, etc.).
- **Área de novas tecnoloxías da información e da comunicación:** programadores informáticos e técnicos en operacións de sistemas informáticos.
- **Área industrial e de produción:** técnicos en electricidade; enxeñeiros industriais e de produción; técnicos en mecánica; técnicos en control de calidade; técnicos en control de procesos (cadeas automatizadas de montaxe, robots industriais, fabricación automatizada, etc.); delineantes e deseñadores técnicos industriais; técnicos en metalurxia e minas.
- **Área de comunicación audiovisual:** técnicos e profesionais de apoio de actividades culturais e artísticas (rexedores, tremoias, técnicos en vestiarios); técnicos en gravación audiovisual.

- **Área marítimo-pesqueira:** capitáns e oficiais de ponte e inspectores de buques da mariña civil.
- **Área de comercio:** profesionais da publicidade e a comercialización (técnicos en publicidade, en estudos de mercado, e xestores de redes sociais).
- **Área da edificación e obra civil:** supervisores da construción (encargados e xefes de equipo de obra).

SÍNTESE: Situación do mercado laboral en Galicia

Tras a análise dos apartados anteriores, podemos extraer unha serie de conclusións:

SECTOR SERVIZOS

- Un ano máis, a **hostalaría** compórtase como un dos motores principais de xeración de emprego no conxunto de Galicia.
- As **actividades de comercio** destacan, en segundo termo, especialmente os vendedores en tenda. Cómpre salientar que, nalgunhas áreas urbanas, destacan tamén os teleoperadores e os promotores de venda.
- Os **monitores de actividades recreativas e de entretemento** sobresaen nas áreas urbanas, aínda que tamén presentan bos resultados nalgunhas comarcas non metropolitanas. Outra actividade moi destacada nas comarcas urbanas son os empregados administrativos con tarefas de atención ao público.
- A área de **loxística** aparece salientada de xeito xeralizado no conxunto das catro provincias, tanto nas profesións de transportistas, como no almacenamento e distribución de produtos.
- As **actividades de dependencia** sobresaen en diversas comarcas diseminadas polas catro provincias galegas, tendo especial incidencia nalgunhas zonas metropolitanas, como Ferrol, Ourense ou Pontevedra.

SECTOR PRIMARIO

- A **agricultura** adquire un maior protagonismo na provincia ourensá, aínda que tamén aparecen salientadas comarcas de Pontevedra e Lugo.

No que respecta ás actividades **gandeiras**, os resultados son máis discretos, focalizados na provincia luguesa.

- As **actividades forestais** obteñen boas perspectivas de emprego nas provincias de Lugo e Ourense.
- A costa da provincia da Coruña e a área da mariña lucense amosan o importante estímulo que supón na economía galega a **actividade pesqueira**. En Pontevedra habería que destacar o Morrazo.

SECTOR INDUSTRIAL

- As **industrias alimentarias** atopan bos resultados nas ocupacións relacionadas coas conserveiras; de feito, a ocupación de traballadores das industrias do peixe aparece como unha das máis salientables no conxunto de Galicia, tanto polo seu volume de contratación como polas perspectivas de emprego que presenta. Cómpre dicir que as panadarías e pastelarías aparecen destacadas na Ulloa e as industrias cárnicas na comarca de Pontevedra.
- A **industria do metal** resalta fundamentalmente no Morrazo e no Eume. Hai que salientar o resultado positivo que acada a comarca de Vigo, cun gran número de ocupacións destacadas neste sector, e as comarcas urbanas de Ferrol e Ourense.

As ocupacións ligadas ao metal con mellores perspectivas no conxunto de Galicia son: montadores e ensambladores de liñas de montaxe, soldadores, oxicortadores, montadores de estruturas metálicas, chapistas e caldeireiros.

- A **industria da madeira** obtén bos resultados en zonas moi concretas de Galicia: Ordes, Terra de Soneira e Tabeirós-Terra de Montes. O mesmo sucede coas **actividades extractivas**, que mostran resultados destacables nas comarcas de Quiroga, Viana e Valdeorras.
- Por último, cómpre sinalar unha certa relevancia da **industria téxtil** na comarca de Bergantiños e A Coruña.

SECTOR CONSTRUCCIÓN:

- As ocupacións vinculadas ao sector da edificación e obra civil atopan bos resultados en comarcas moi concretas, sen que se aprecie unha boa perspectiva no conxunto de Galicia.

No entanto, no apartado de postos de alta cualificación apréciase un certo repunte de profesións cualificadas vinculadas a este sector.

POSTOS DE ALTA CUALIFICACIÓN

Hai unha serie de ocupacións cualificadas que aparecen salientadas no conxunto das catro provincias. Especialmente relevante é o resultado obtido en actividades de servizos como as **áreas sanitarias**, **as actividades recreativas ou a docencia**, repetindo unha situación moi similar á detectada nos anos precedentes.

Ben que moitos dos resultados resultan homoxéneos nas catro provincias, certo é que habería que destacar a especial incidencia das TIC na provincia da Coruña, os recursos humanos na provincia de Ourense, e a área industrial e da produción nas provincias de Lugo e Pontevedra, especialmente nesta última, onde cobran protagonismo os técnicos de control de calidade e dos procesos (automatización industrial).

Por outra banda, debemos mencionar tamén o feito de que, aínda que moitos postos de alta cualificación aparecen salientados nas catro provincias galegas, ou en boa parte do territorio, certo é que hai algunhas profesións cualificadas vinculadas cunha maior intensidade a unha provincia concreta.

Poderíamos destacar as seguintes particularidades locais:

A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
▪ Biólogos ▪ Psicólogos ▪ Profesores de universidade ▪ Analistas de sistemas ▪ Programadores e deseñadores web e multimedia ▪ Técnicos en prevención de riscos e saúde ambiental ▪ Enxeñeiros de deseño, de I+D, de seguridade e de materiais ▪ Xornalistas	▪ Veterinarios ▪ Profesores de secundaria ▪ Técnicos en instalacións de produción de enerxía ▪ Técnicos en control de procesos de produción de metais ▪ Técnicos en organización de feiras e eventos	▪ Técnicos en hixiene bucodental ▪ Técnicos en relacións laborais e recursos humanos	▪ Técnicos en control de calidade ▪ Técnicos en control de procesos (automatización industrial, robótica...) ▪ Técnicos en metalurxia e minas ▪ Inspectores de buques de mariña civil ▪ Capitáns e oficiais de ponte

Como novidade do ano 2018, cómpre salientar a irrupción no mercado de traballo galego dunha serie de ocupacións de alta cualificación que non aparecían destacadas nos últimos anos, como os **técnicos en publicidade e xestores de redes sociais**, ocupacións en crecemento polo desenvolvemento das comunidades virtuais e os posicionamentos comerciais na Web; ou os **supervisores da construción**, tanto xefes de equipo como encargados de obra, o que amosa unha certa reactivación do sector da construción en Galicia no último ano. Estas ocupacións aparecen resaltadas, especialmente, nas provincias da Coruña e Pontevedra.

A partir destes resultados, podemos intuír os cambios produtivos que se están a producir en Galicia, estimulados polo desenvolvemento da denominada Industria 4.0. Este concepto de nova industria busca unha industria galega capaz de adiantarse aos cambios e que estea constituída por fábricas intelixentes, automatizadas, flexibles, conectadas entre si, sustentables e sociais.

A listaxe de ocupacións cualificadas vinculadas á **INDUSTRIA 4.0** que aparecen destacadas no conxunto de Galicia é a seguinte:

1. Técnicos en electricidade
2. Programadores informáticos
3. Delineantes e deseñadores técnicos industriais
4. Técnicos en operacións de sistemas informáticos
5. Técnicos en control procesos (automatización industrial, robótica, etc.)
6. Farmacéuticos
7. Enxeñeiros industriais e de produción
8. Analistas, programadores e deseñadores web e multimedia
9. Técnicos en mecánica
10. Técnicos en asistencia a usuario de tecnoloxías da información


A aparición de sectores emerxentes ligados á Industria 4.0, como as TIC ou a biotecnoloxía, están a potenciar o asentamento e incluso a aparición de novos postos de traballo cualificados con boas perspectivas de emprego na nosa comunidade.

Con respecto ao ano 2017, os catro primeiros postos son exactamente os mesmos. Cómpre salientar a subida dun posto para as ocupacións relacionadas co control de procesos industriais ligados á robótica e á automatización industrial, polo que podemos afirmar que se segue a consolidar en Galicia a contratación deste tipo de postos cualificados, ocupando xa o posto número cinco.

Tamén destaca o afianzamento das novas tecnoloxías en Galicia, non só en aspectos puramente informáticos, senón tamén no impulso detectado no plano da publicidade, fundamentalmente polo protagonismo da mercadotecnia dixital.

Resultados por comarcas

a coruña



20 GRUPOS OCUPACIONAIS CON MELLORES PERSPECTIVAS LABORAIS

OCUPABILIDADE LABORAL MOI ALTA:

- Condutores asalariados de camiões
- Profesores e profesionais do ensino non clasificados baixo outras epígrafes⁵
- Traballadores dos coidados ás persoas en servizos de saúde non clasificados baixo outras epígrafes⁶
- Monitores de actividades recreativas e de entretemento
- Auxiliares de enfermaría hospitalaria
- Recepcionistas (agás de hoteis)
- Condutores asalariados de automóbiles, taxis e furgonetas
- Axudantes de cociña

OCUPABILIDADE LABORAL ALTA:


- Empregados administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes⁷
- Operadores de maquinaria forestal móbil
- Vendedores en tendas e almacéns
- Albaneis
- Operadores de maquinaria de movementos de terras e equipos similares
- Camareiros asalariados

OCUPABILIDADE LABORAL MEDIA:

- Cociñeiros asalariados
- Empregados domésticos
- Peóns das industrias manufactureiras
- Peóns gandeiros
- Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares
- Traballadores cualificados en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns



Nº Contratados 2018



